

BASES DA CONVOCATORIA PREMIOS DO DEPORTE CONCELLO DE MONFORTE ANO 2022

Primeira:

A Concellería de deportes do Concello de Monforte de Lemos convoca un concurso para a concesión dos premios do deporte 2022 dirixido a deportistas, adestradores/as, árbitros/as, entidades deportivas e clubs de Monforte.

Segunda:

As categorías do concurso son as seguintes:

- Mellor deportista masculino absoluto.
- Mellor deportista feminina absoluta.
- Mellor deportista masculino promesa.
- Mellor deportista feminina promesa.
- Mellor adestrador/a.
- Mellor equipo de categoría de base.
- Mellor equipo de categoría absoluta.
- Mellor árbitro/a – xuíz/a.
- Mellor entidade deportiva na promoción do deporte.
- Premio á deportividade e ó xogo limpo

Establécese unha categoría denominada de “**Excelencia Deportiva**” que poderá conceder o xurado cualificador a aqueles/as atletas que teñan un historial e uns méritos deportivos sobresalientes. Aqueles/as atletas ós que se lles conceda a “Excelencia Deportiva” non participaran no resto de categorías do concurso.

Terceira:

Requisitos para participar en cada unha das categorías do concurso:

- **Mellor deportista masculino absoluto do ano:** nesta convocatoria poderán participar deportistas masculinos que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que cumpran polo menos un dos criterios que se establecen a continuación:
 - Pertencer a un club ou entidade deportiva con sede social no Concello de Monforte de Lemos e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Deportivas.
 - Estar empadroadado en Monforte de Lemos, aínda que se compita baixo a disciplina dun club deportivo que non teña o enderezo social no Concello de Monforte.

- Estar empadroado en Monforte e competir a nivel individual e federado de forma independente, non estando baixo a disciplina de ningún club deportivo.
- **Mellor deportista feminina absoluta do ano:** nesta convocatoria poderán participar deportistas femininas que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que cumpran polo menos un dos criterios que se establecen a continuación:
 - Pertencer a un club ou entidade deportiva con sede social no Concello de Monforte de Lemos e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Deportivas.
 - Estar empadroada en Monforte de Lemos, aínda que se compita baixo a disciplina dun club deportivo que non teña o enderezo social no Concello de Monforte.
 - Estar empadroada en Monforte e competir a nivel individual e federado de forma independente, non estando baixo a disciplina de ningún club deportivo.
- **Mellor deportista Promesa masculino do ano:** nesta convocatoria poderán participar deportistas masculinos nados no ano 2007 ou posteriores, que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que cumpran cando menos un dos criterios que se establecen a continuación:
 - Pertencer a un club ou entidade deportiva con sede social no Concello de Monforte de Lemos e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Deportivas.
 - Estar empadroado en Monforte de Lemos, aínda que se compita baixo a disciplina dun club deportivo que non teña o enderezo social no Concello de Monforte.
 - Estar empadroado en Monforte e competir a nivel individual e federado de forma independente, non estando baixo a disciplina de ningún club deportivo.
- **Mellor deportista Promesa feminina do ano:** nesta convocatoria poderán participar deportistas femininas nadas no ano 2007 ou posteriores, que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que cumpran cando menos un dos criterios que se establecen a continuación:
 - Pertencer a un club ou entidade deportiva con sede social no Concello de Monforte de Lemos e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Deportivas.
 - Estar empadroada en Monforte de Lemos, aínda que se compita baixo a disciplina dun club deportivo que non teña o enderezo social no Concello de Monforte.
 - Estar empadroada en Monforte e competir a nivel individual e federado de forma independente, non estando baixo a disciplina de ningún club deportivo.
- **Mellor adestrador/a do ano:** nesta convocatoria poderán participar adestradores/as, que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que cumpran cando menos un dos criterios que se establecen a continuación:
 - Pertencer a un club ou entidade deportiva con sede social no Concello de Monforte de Lemos e inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Deportivas.

- Estar empadroadado/a en Monforte de Lemos, aínda que se compita baixo a disciplina dun club deportivo que non teña o enderezo social no Concello de Monforte.
- **Mellor árbitro/a – xuíz/a do ano:** nesta convocatoria poderán participar árbitros/as – xuíces/as que teñan participado en competicións oficiais durante o ano 2022 e que estean empadroados/as no Concello de Monforte.
- **Mellor equipo masculino de categoría de base.** nesta convocatoria poderán participar equipos ata categoría xuvenil de clubs e entidades deportivas que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que estean inscritas no Rexistro Municipal de clubs e entidades deportivas do Concello de Monforte de Lemos.
- **Mellor equipo de categoría absoluta.** nesta convocatoria poderán participar equipos absolutos de clubs e entidades deportivas que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que estean inscritas no Rexistro Municipal de clubs e entidades deportivas do Concello de Monforte de Lemos.
- **Mellor entidade deportiva na promoción do deporte.** nesta convocatoria poderán participar clubs e entidades deportivas que teñan participado en competicións federadas durante o ano 2022 e que estean inscritas no Rexistro Municipal de clubs e entidades deportivas do Concello de Monforte de Lemos.
- **Premio á deportividade.** nesta categoría valoraranse as actitudes de autoestima, cooperación, responsabilidade e tolerancia no deporte, levadas a cabo por clubs deportivos, deportistas, adestradores/as, árbitros, etc. durante o ano 2022. Para poder participar nesta categoría será necesario respectar os criterios establecidos nas categorías anteriores.

Cuarta:

As candidaturas poderán ser presentadas polos propios candidatos ou por terceiras persoas.

O número de candidaturas presentadas por cada propoñente e categoría non está limitado.

O xurado poderá propoñer recoñecementos fora de concurso e mencións especiais a deportistas, directivos, adestradores/as, clubs, etc. que ó seu xuízo sexan merecedores de distinción.

Quinta:

As solicitudes de participación deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte, Campo de San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a partir do día seguinte á publicación das bases na páxina web do Concello, sendo o derradeiro día para presentar as solicitudes o 24 de marzo de 2023. As solicitudes deberán conter obrigatoriamente a seguinte documentación:



- Instancia de solicitude asinada polo/a propoñente. Anexo 1
- No caso de optar ao premio de mellor deportista, absoluto ou promesa, e mellor adestrador/a, relación detallada dos logros deportivos conseguidos durante o ano 2022 en campionatos oficiais, indicando con claridade todos os datos da competición (denominación, datas, categoría, etc.). Anexo 2
- No caso de optar ao premio a mellor árbitro/a, relación detallada da súa actividade como árbitro/a – xuíz/a durante o ano 2022. Anexo 2
- No caso de optar ao premio de mellor equipo, promesa ou absoluto, relación detallada dos logros deportivos conseguidos durante o ano 2022 en campionatos oficiais, indicando con claridade todos os datos da competición (denominación, datas, categoría, etc.). Anexo 2
- No caso de optar ao premio á mellor entidade na promoción do deporte deberase facer unha exposición de motivos na que se fagan constar as razóns polas que deberían ser considerados como a entidade deportiva máis distinguida en canto á promoción do deporte. Anexo 2
- Para participar na categoría de premio á deportividade e ó xogo limpo deberase entregar unha memoria explicativa das actitudes de autoestima, cooperación, responsabilidade e tolerancia no deporte que o candidato mostrou durante a actividade levada a cabo no ano 2022. Anexo 2
- Reportaxe fotográfica ou audiovisual dos atletas ou clubs participantes en formato dixital.

Sexta:

Unha vez finalizado o prazo de solicitudes farase pública a listaxe das candidaturas que optan á elección.

A Concellería de Deportes do Concello de Monforte poderá rexeitar aquelas candidaturas que non cumpran cos requisitos esixidos

Sétima:

O xurado para a elección dos galardoados estará composto polos seguintes membros:

- **Presidente:** Excmo. Alcalde do Concello de Monforte.
- **Secretario:** Técnico Municipal de Deportes, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.
- **Vocais:** Concelleiro de Deportes do Concello de Monforte e 4 persoas máis relacionadas co deporte local, provincial ou autonómico

Oitava:

En cada unha das categorías haberá unicamente un vencedor.

Para a elección dos galardoados teranse en conta os resultados e a traxectoria deportiva das candidaturas no ano 2022.

Novena:

Criterios de valoración do xurado:

O xurado terá liberdade para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes:

- **Categoría de mellor atleta, masculino e feminino, tanto promesa como absoluto:** os criterios a valorar serán o número de competicións oficiais nas que o/a atleta participou durante o ano 2022, así como o nivel destas competicións e os resultados conseguidos. Tamén se valorará a convocatoria do/da atleta para participar en competicións coa selección autonómica e nacional da modalidade deportiva así como os resultados conseguidos nestas competicións.
- **Mellor adestrador/a do ano:** os criterios a valorar serán o número de competicións oficiais nas que o candidato/a participou como adestrador/a no ano 2022, así como o nivel destas competicións e os resultados conseguidos. Tamén se valorará a convocatoria para participar en competicións como adestrador/a da selección autonómica e nacional da modalidade deportiva así como os resultados conseguidos nestas competicións.
- **Mellor árbitro/a xuíz/a:** os criterios a valorar serán o número e o nivel das competicións oficiais nas que o/a candidato/a teña participado durante o ano 2022.
- **Categoría de mellor equipo, tanto promesa como absoluto:** os criterios a valorar serán o número de competicións oficiais nas que o equipo participou durante o ano 2022, así como o nivel destas competicións e os resultados conseguidos.
- **Mellor entidade deportiva na promoción do deporte:** os criterios a valorar serán o número total de licencias federativas que tivo o club durante o ano 2022, o número de licencias de deportistas en categorías menores, actividades e eventos organizados polo club ou entidade deportiva, así como o nivel das competicións nas que participan os seus deportistas e equipos e os resultados conseguidos durante o ano 2022.
- **Premio á deportividade:** os criterios a valorar serán as actitudes de autoestima, cooperación, responsabilidade e tolerancia no deporte levadas a cabo polos candidatos durante o ano 2022.

Décima:

Para a constitución do xurado, será necesaria a asistencia e a presenza de polo menos dúas terceiras partes dos membros integrantes do mesmo, no momento das votacións.

A resolución do xurado acordarase por maioría simple. No caso de chegar a un empate, o presidente do xurado fará uso do voto de calidade para dirimir. Os premios poderanse declarar desertos.

O secretario levantará acta do resultado final e da decisión do xurado.

As decisións do xurado son inapelables.

A decisión do xurado non será pública ata a entrega dos premios.

Décimo primeira:

Os galardoados recibirán un trofeo acreditativo.

Os participantes non premiados recibirán un agasallo conmemorativo do concurso.

O presidente do xurado determinará a data e o lugar da gala de entrega dos galardóns.

Décimo segunda:

A inscrición en calquera categoría do evento implica a autorización á difusión de fotografías, vídeos, etc. dos participantes que se empreguen tanto para a promoción do evento como o día da Gala do Deporte.

ANEXO - 1
**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO “PREMIOS DO DEPORTE” CONCELLO
DE MONFORTE ANO 2022**

D. D^a _____ con DNI. _____
e domicilio en _____
Localidade _____ C.P. _____ Tf. _____
E-mail _____
en nome propio ou en representación do Club _____

PROPOÑO A:

Nome do nomidano/a _____
Modalidade deportiva _____
Tf. _____ E-mail _____
Lugar e data de nacemento _____
Club ao que pertence _____

NA CATEGORÍA DE _____

e **DECLARO** baixo a miña responsabilidade que a candidatura proposta cumpre cos requisitos establecidos para poder participar segundo a cláusula terceira das bases do concurso e que os méritos que se aportan son totalmente certos.

Monforte de Lemos a ____ de _____ de 2023

Asdo.

ANEXO - 2
**MEMORIA EXPLICATIVA DOS MÉRITOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES MÁIS
DESTACADAS DO/DA CANDIDATO/A**

D. D^a _____ con DNI. _____
en calidade de proponente do candidato/a _____
na categoría do concurso _____
presenta a seguinte memoria de méritos deportivos do candidato/a durante o ano
2022:

Monforte de Lemos a ____ de _____ de 2023

Asdo.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS